

**EXTRACTO DA PONENCIA:**  
***A INTERVENCIÓN NO CONTEXTO DO***  
***DESENVOLVEMENTO FAMILIAR***

***Prof. Dr. Bernardo José Gómez-Durán (\*)***

*Universidade da Coruña*

***Dr. Manuel García Fernández***

*Universidade da Coruña*

**RESUMO**

A familia ven sendo obxecto de atención preferente por parte de psicólogos, pedagogos, antropólogos, sociólogos, médicos, etc, e tal despliegue de interese científico non está nin moito menos inxustificado. A familia presenta un dos grupos sociais a través dos cales se vertebra o tecido social, pero tamen cumpre funcións esenciais para facilitar o desenvolvemento e a educación dos seus membros, e isto tanto nos aspectos relacionados coa intelixencia, o desenvolvemento da personalidade ou o desenvolvemento social.

Handel (1985) sinala que cando as persoas adultas forman una familia traen consigo certos significados derivados da súa cultura e das súas historias individuais. Mais ademáis de representar a súa cultura e as súas historias individuais, a familia crea os seus propios significados a través da súa interacción. Dende o punto de vista sistémico a nosa análise quere partir do feito de que tamén o contexto cultural ten un efecto inductor sobre o funcionamento familiar e sobre os diversos aspectos do desenvolvemento e a educación dos seus membros, especialmente fillos e fillas.

Os plantexamentos teóricos en torno a este tema non chegan a esgotarse na perspectiva sistémica antedita, se non polo contrario, complétanse con outros enfoques. O propio Bronfenbrenner chega a soste que a familia representa un medio de trascendental importancia para o desenvolvemento e a socialización dos individuos e que nela os suxeitos realizan roles e actividades específicas que son fundamentais para o seu desenvolvemento persoal e social. E isto é algo no que moitos presupostos teóricos parece estar a compartir.

Tamén analizamos o conxunto das expectativas que os fillos e fillas teñen sobre o funcionamento familiar. Neste senso non podemos mais que suliñar as aportacións de Bandura (1981, 1986), Musitu, Román e Gracia (1988), Wittrock, 1990, ou Rogers, 1982. A teoría social-cognitiva de Bandura pon de relieve que os rendementos nas tarefas dos suxeitos condiciónanse polas elabora-

---

(\*) Correspondencia cos autores: Bernardo José Gómez-Durán, Departamento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación, Facultade de Ciencias da Educación, Universidade da Coruña, Campus de Elviña, 15071 A Coruña. email: gduran@udc.es

cións cognitivas que istos realicen e que median entre as habilidades que posúen, as súas execucións e as consecuencias que reciben. Si temos en conta o antedito é preciso por de manifesto –a modo de presupostos– que o funcionamento familiar está parcialmente condicionado polo contexto socio-cultural no que as familias se desenvolvan, que a avaliación pode ser tida en conta dende a tipoloxía do modelo circunflexo, reflexando as diversas formas de interacción familiar, e que as percepcións sobre a competencia median a actividade e as metas de nais/pais e fillas/fillos.

As interrelacións existentes entre a familia e o medio escolar, cando estudamos a fillos e filla nesta idade son de extraordinaria importancia. Parece que as investigacións apuntan o feito que o rendemento escolar e as habilidades cognitivas e sociais dos suxeitos na escola dependen en moita medida do clima familiar no que o neno/a se desenvolve. Clima familiar que depende da estrutura, estilos, e das interaccións familiares que se produzan.

A importancia da intervención no medio familiar poderíase xustificarse, tal e como sinalan Nelson (1984), Musitu e cols. (1985), polo clima familiar, o cal relaciónase directamente coa intelixencia, logro escolar, autoestima escolar, competencia cognitivo-emocional e desenvolvemento socioeconómico adecuado.

Nin que dicir ten que a familia non é un contexto que se poda estudar tan só na súa influencia cando os fillos/as son infantís ou adolescentes. A importancia da familia e as posibilidades de intervención evolutivo-educativa adentráanse na etapa adulta e na terceira idade. Polo tanto a familia como contexto de desenvolvemento ten importancia ó longo de todo o ciclo vital representando, como diría Serra Desfilis, un dos motores do cambio evolutivo, receptora e xeneradora dos sucesos evolutivos acaecidos na idade adulta e senectude.